



FACULTADE DE FILOLOXÍA

ACCIÓNS DE MELLORA

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura
Curso Académico: Curso 2017-2018

Plan de melloras

1. Accións de mellora recollidas no Informe de Seguimento do curso 2016-2017 que proceden das alegacións ao Informe de Renovación da Acreditación que foron adiadas

| ACCIÓN DE MELLORA | | | |
|-------------------------------------|-------------------|--|--|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-01 |
| | | Tipo | Acción de mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Criterio1. Organización e desenvolvemento |
| | | Descrición orixe | Detectáronse desaxustes entre as guías docentes publicadas na web e as fichas das materias incluídas na memoria verificada do título, en relación ás competencias e os sistemas de avaliación. Debe revisarse este aspecto cotexando ambas fontes. |
| | Definición | Análise/causa | Nas guías docentes especificanse todos os aspectos das materias de xeito máis detallado que nos programas ou nas fichas das materias para a memoria dunha titulación. Ademais inclúen a planificación detallada da materia (cálculos de tempo, material, contidos, prazos etc.). Por este motivo, as guías non recollen de novo as competencias máis xerais incluídas nas fichas da memoria verificada. |
| | | Definición/ descrición proposta | Favorecer que se atenda ás fichas das materias da memoria verificada á hora da redacción dos programas e guías docentes, a través dos seguintes mecanismos: <ol style="list-style-type: none"> Solicitude ao profesorado con docencia no máster de inclusión nas guías docentes da avaliación por competencias. Revisión dos programas e guías docentes por parte da Comisión do máster atendendo ás fichas das materias da memoria. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo de 2018 |
| | | Data inicio | Maio de 2018 |
| | Responsables | Usuario responsable da implantación | Comisión do Máster |
| Outros responsables da implantación | | | |
| Finalización | Estado | Finalizada | |
| | Data Estado | 7/03/2019 | |
| | Comprobación | Executada parcialmente. No que atinxe ao mecanismo 1, organizouse o curso que ofertou a Facultade de Filoloxía sobre a avaliación por competencias celebrado o día 20 de xuño de 2018. Polo que respecta ao mecanismo 2, este foi executado nos cursos 2016-2017 | |

| | | |
|--|------------------------------|--|
| | | e 2017-2018. (actas) |
| | Data comprobación | Marzo 2019 |
| | Incidencias | No que atinxe ao mecanismo 1, "Solicitude ao profesorado con docencia no máster de inclusión nas guías docentes da avaliación por competencias", debe ser suspendido polo momento, pois aínda que a Facultade realizou unha acción conxunta do centro mediante a oferta dun curso de formación, a participación do profesorado do mestrado foi moi baixa e a formación aínda non é suficiente. |
| | Axustes/Novas tarefas | Non se leva a cabo polo momento. |

| ACCIONES DE MELLORA | | | |
|---------------------|-------------------|---------------------------------------|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-05 |
| | | Tipo | Acción de mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Criterio3. Sistema de Garantía de Calidade |
| | | Descrición orixe | No que atinxe á da Comisión de Calidade do Centro, obsérvase que non hai representantes de egresados nin de empregadores nesta Comisión e que os estudantes non acostuman asistir ás reunións. Recoméndase garantir a representatividade de todos os colectivos implicados no desenvolvemento dos títulos. Neste sentido a proposta de creación dun Comité Consultivo Externo podería ser un bo mecanismo para dar voz a todos os grupos de interese e estreitar lazos cos sectores profesionais. |
| | Definición | Análise causa | Durante a visita da subcomisión avaliadora, o equipo decanal manifestou a intención de crear un Comité Consultivo, tal e como se recolle no SGIC. De feito, iniciáronse conversas coa <i>Asociación de Antigos Alumnos da USC</i> e prevese que nos próximos meses se completen os contactos con outras entidades e se poña en funcionamento o Comité Consultivo. |
| | | Definición/ descrición proposta | Posta en marcha dun Comité Consultivo da Facultade de Filoloxía |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2017 |
| | | Data inicio | Xuño de 2017 |
| | Responsables | Usuario responsable da implantación | Decanato da Facultade de Filoloxía |
| | | Outros responsables da implantación | Comisión de Calidade do Centro |

| | | |
|--------------|-----------------------|--|
| Finalización | Estado | Non executada |
| | Data estado | |
| | Comprobación | |
| | Data comprobación | |
| | Incidencias | Debido á importante mobilización que se ten que levar a cabo para implicar aos distintos organismos e representantes para a conformación deste Comité, a acción tivo que adiarse e está pendente de completar. |
| | Axustes/Novas tarefas | Estanse mantendo contactos con distintas entidades do ámbito académico e profesional para a creación do comité e a súa posta en marcha. A acción queda adiada ata finais do curso 2018-2019. |

2. Accións de mellora para a súa implantación no curso 2018-2019

| ACCIONES DE MELLORA | | | |
|---------------------|-------------------|---------------------------------------|--|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-1 |
| | | Tipo | Acción de mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Dimensión 3. Criterio 6 |
| | | Descrición orixe | Resultados da aprendizaxe |
| | Definición | Análise causa | No curso académico 2017-2018, 7 de 25 alumnos non presentaron o seu TFM nas oportunidades de xullo ou setembro e, polo tanto, non completaron a etapa formativa nun ano académico (véxase INF. 15). Isto minguou os resultados da taxa de éxito, rendemento e eficiencia da titulación, aínda que estes resultados continúan a estar por riba dos indicados na memoria de verificación do mestrado. |
| | | Definición/ descrición proposta | Ademais de seguir insistindo desde a Coordinación, tanto na sesión de benvinda de comezo de curso como nas outras reunións co alumnado e mediante mensaxes a través do campus virtual e dos seus representantes do alumnado, na importancia de calcular ben os tempos e de concentrar no segundo cuadrimestre gran parte dos esforzos na elaboración do TFM, a Comisión considera oportuno levar a cabo unha Acción de Mellora con varias tarefas que facilitarán ao alumnado organizarse mellor, adiantar ao máximo a elaboración do TFM e desde o principio facer escollas, tanto de liña de investigación como de titor/a e de material bibliográfico, máis definidas e concretas para o seu TFM. Tarefa 1: Elaborarase unha táboa coas liñas de investigación ofertadas por cada profesor da titulación para que, desde comezo de curso, o alumnado poida dirixirse ao profesorado especializado no tema no que desexa realizar o seu TFM. Isto axudará principalmente a aquel alumnado de fóra da Facultade a atopar un titor/a axeitado á liña de investigación na que desexa desenvolver |

| | | |
|---------------------|--|---|
| | | <p>o seu TFM.</p> <p>Tarefa 2: Elaboración dun formulario para que os estudantes delimiten o título e o resumo do seu TFM e a Comisión poida resolver mellor a aprobación ou denegación das solicitudes de elaboración e defensa de TFM.</p> <p>Tarefa 3: Xornada "A longa (e divertida) noite do TFG" aberta ao estudiantado de mestrado e aos distintos programas de doutoramento. Prográmanse distintas actividades para proporcionar ferramentas e estratexias aos estudantes que lles permitan afrontar con éxito a redacción e a defensa dos seus proxectos fin de grao ou de mestrado.</p> |
| | Data prevista de finalización | 27/03/2019 |
| | Data inicio | 01/09/2018 |
| Responsables | Usuario responsable da implantación | Coordinadora do Máster |
| | Outros responsables da implantación | Facultade de Filoloxía |
| Finalización | Estado | Finalizada |
| | Data estado | 27/03/2019 |
| | Comprobación | <p>Tarefa 1: Na reunión ordinaria da Comisión do día 16 de setembro de 2018 a Coordinadora indica que se solicitou ao profesorado as liñas de investigación que ofertan para a elaboración dos TFM e que este listado se incluíu nos documentos do campus virtual da Coordinación e foi notificado a todo o alumnado a través do servizo de mensaxería do propio campus virtual. Pode comprobarse tamén a través do documento "Prof_Linhas_Invest_MELC_18-19" que se achega.</p> <p>Tarefa 2: Na reunión ordinaria da Comisión do día 12 de febreiro de 2019 apróbase que as solicitudes de elaboración e defensa de TFM deberán vir acompañadas do documento de delimitación de título e resumo. Pode comprobarse tamén a través do documento "Formulario_delimitacion_TFM" que se achega así como a través do campus virtual da Coordinación do Mestrado.</p> <p>Tarefa 3: A Facultade de Filoloxía organizou a xornada "A longa (e divertida) noite do TFG" no que participaron tamén alumnos dos distintos mestrados da facultade. Pode comprobarse a través do documento "Programa_Longa_Noite" que se achega así como a través do Foro de Novas do campus virtual da Coordinación do Mestrado..</p> |

| | | |
|--|-----------------------|------------|
| | Data comprobación | 27/03/2019 |
| | Incidencias | |
| | Axustes/Novas tarefas | |